

CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA PARA O CONTROL DA COVID-19 NOS EFECTIVOS DA POLICÍA LOCAL DOS CONCELLOS GALEGOS.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que en virtude do seu nomeamento por Decreto 148/2016, do 13 de novembro, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 74/2018, de 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Doutra parte, D. Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e de conformidade co Decreto 137/2019, de 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

Doutra parte, D. Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 29 de novembro de 2019.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades e manifestan a súa vontade de subscribir o seguinte convenio, e para tal efecto

MANIFIESTAN

I.- Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Administración autonómica, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, que se pode levar a cabo mediante a subscripción de convenios.



De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, de 5 de diciembre, polo que se determina a organización, funcións e competencias da Vicepresidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 233, de 7 de decembro 2012), a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, configúrase como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza conforme ao disposto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co artigo 18 e seguintes da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a coordinación da actuación das policía locais que prestan os seus servizos en concellos galegos.

II.- O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

O artigo 4 da citada Lei 8/2008, do 10 de xullo, determina que se garante a todas as persoas a atención sanitaria en situación de urxencia e emerxencia, con pleno respecto á súa personalidade, dignidade e intimidade, sen ningunha discriminación por razón de raza, sexo, relixión, opinión, idioma, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O artigo 52 da mesma Lei 8/2008, refírese á atención a urxencias e emerxencias, establecendo que todo o Sistema Público de Saúde de Galicia prestará a atención continuada e de urxencia a través dos seus dispositivos asistenciais.

Así mesmo prevé que en situacións de emerxencia orixinadas por catástrofes ou accidentes en calquera lugar de Galicia, o Sistema Público de Saúde de Galicia facilitará a asistencia sanitaria «in situ», o traslado de persoas afectadas e a asistencia nos centros máis apropiados.

A atención de urxencia prestarase ao paciente nos casos en que a súa situación clínica obrigue a unha atención sanitaria inmediata, e dispensarase tanto en centros



sanitarios como fóra dos mesmos. O mesmo precepto indica que #ante situacións de crises, alerta ou alarma de saúde pública, o Sistema Público de Saúde de Galicia responderá con mecanismos e accións precisas que garantan a protección da saúde da poboación.

III.- A Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

IV.- Por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, ao amparo do disposto no artigo cuarto, apartados b) e d), da Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria.

O artigo 6 do citado Real decreto, establece que cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias no marco das ordes directas da autoridade competente para os efectos do estado de alarma e sen prexuízo das competencias de coordinación previstas na mesma disposición.

O Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 declarou a situación de emerxencia sanitaria de interese galego e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia. O Acordo prevé que para o desenvolvemento do Plan poderán ditarse ordenes e instrucións que afecten a dereitos da cidadanía nos termos establecidos polas leis, así como adoptar medidas de obrigado cumprimento para os seus destinatarios e destinatarias, conforme ao que se dispoña se así o aconsellan as necesidades da emerxencia e dos bens que hai que protexer.

Dentro deste ámbito de competencias a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, emitiu a Resolución do 30 de maio de 2020, pola que se dá publicidade de diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria non territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 30 de maio de 2020 (DOG núm. 105 de 1 de xuño).

Entre os acordos adoptados, está que a Administración autonómica subscriba un convenio coa FEGAMP, co obxecto de establecer o marco xurídico xeral dentro do cal as entidades locais poderán asinar a súa adhesión para executar de forma coordinada a posta en marcha do Programa para o control de COVID-19 nos efectivos da policía local dos concellos galegos.



V.- De conformidade co artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 62, do 29 de marzo de 2000), a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

VI.- As corporacións locais participan no mantemento da seguridade pública nos termos establecidos na Lei reguladora das bases de réxime local e, no marco da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, contan cos corpos de policía local correspondentes, así como prestan auxilio, nos casos de accidentes, catástrofe ou calamidade pública, participando, na forma prevista nas leis, en canto á execución dos plans de protección civil, segundo establece o artigo 8.1.f) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

A natureza das funcións realizadas polos axentes esíxelles estar en contacto próximo coa cidadanía, polo que a actividade pode non garantir as distancias de seguridade recomendadas, polo que teñen a consideración de colectivo de risco ao actuar en protección das persoas e asistiren a situacións que requiren dunha actuación inmediata, o que supón a exposición ao contaxio no desenvolvemento normal das súas funcións.

VII.- Para dar cumprimento ao manifestado, a Xunta de Galicia e a FEGAMP acordan poñer en marcha de forma coordinada os intercambios de información e traslado dos posibles casos de COVID-19, así como a implementación de medidas sanitarias específicas e áxiles, que eviten demoras innecesarias ou períodos de inactividade ou bloqueo no normal desempeño das funcións encomendadas ás policía locais dos concellos de Galicia.

Polo exposto, considérase adecuado dispor de medios oportunos para a prevención da detección precoz de posibles casos positivos por COVID-19 entre os policía locais e os auxiliares de policía local, xa que garante tanto a integridade dos seus efectivos, como o desenvolvemento das súas funcións con garantías sanitarias.

Para isto, as partes manifestan o seu interese en colaborar e articular mecanismos áxiles de reacción neste sector tan concreto, a través do presente convenio que someten ás seguintes

CLÁUSULAS



Primeira.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as liñas de actuación e accións previstas polas partes para o control de casos de COVID-19 que puidesen afectar a calquera efectivo das policía locais (policías e auxiliares de policía) dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e garantir o desempeño das súas funcións en condicións seguras.

Segunda.- Ámbito de aplicación subxectivo.

O presente convenio é de aplicación para a Administración da comunidade autónoma de Galicia e para a toda a Administración local de Galicia, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Terceira. Adhesión ao convenio

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral dentro do cal as Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión mediante o modelo que figura como Anexo I, coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan o control da COVID-19 entre os efectivos das policía locais.

Cuarta.- Medidas preventivas.

Os efectivos da policía local extremarán as medidas de illamento social vixentes, restrinxindo os contactos e limitándoos aos imprescindibles.

No caso de que houberse contacto estreito dalgún efectivo cun enfermo sintomático de COVID-19, comunicará este feito ao seu superior xerárquico, deberá cesar no servizo e manterse en corentena domiciliaria durante catorce días, vixiando a aparición de síntomas.

En caso de presentar síntomas respiratorios, tampouco deberá desenvolver as súas funcións encomendadas. Neste caso, o/a axente da policía ou o/a auxiliar de policía deberá autoaillarse no seu domicilio, solicitar unha consulta telefónica co seu médico de atención primaria e seguir as súas indicacións, ata a súa completa recuperación.

Quinta.- Compromisos asumidos pola Xunta de Galicia a través do Servizo Galego de Saúde.

A Xunta de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, asume os seguintes compromisos:



- Realización de test de detección de COVID-19 aos axentes que realicen as súas funcións de policía local ou de auxiliar de policía en calquera concello das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia que estea adherido ao presente convenio de conformidade co previsto na cláusula terceira.
- Os test serán realizados polo Sergas polo procedemento que se determine ata un máximo de 2.528.
- En función do resultado do test e da presenza ou non de sintomatoloxía, o facultativo poderá tomar a decisión de completar o proceso de acordo co protocolo clínico dispoñible na seguinte ligazón, nos Hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde correspondente á provincia de detección do caso, no prazo máximo de 48 horas:
<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/335/Protocolo%20para%20a%20de%20detecci%c3%b3n%20da%20infecci%c3%b3n%20polo%20virus%20SARS-COV-2%20nos%20profesionais%20do%20SERGAS.pdf>

Sexta.- Compromisos asumidos pola Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coordinará a súa actividade de prevención, detección e control da COVID-19 coas entidades locais que se adhiran mediante a sinatura do Anexo I deste convenio.

Sétima.- Compromisos asumidos polas Entidades Locais

As Entidades Locais, en relación coas súas competencias sobre as policía locais, asume os seguintes compromisos:

- Facilitar aos seus efectivos, obxecto do presente convenio, a realización do test serolóxico COVID-19.
- Incluír nos estudos epidemiolóxicos que poida realizar a entidade local os resultados obtidos pola realización dos test, así como a súa utilización para a posta en marcha de campañas de divulgación e prevención sanitaria.
- Incluír na formación dos efectivos daqueles aspectos de hixiene, prevención e control de casos de contaxio por COVID-19.

Oitava.- Compromisos asumidos pola FEGAMP.

A FEGAMP, en relación coas súas competencias, asume os seguintes compromisos:



- Coordinarse coa Xunta de Galicia e con todos os concellos de Galicia para impulsar, promover e difundir a información relativa ao control da COVID-19 entre os efectivos das policía locais e auxiliares de policía pertencentes aos concellos de Galicia.

Novena.- Protección de datos e transparencia.

As partes obríganse a respectar as disposicións e esixencias establecidas na normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal, composta fundamentalmente polo Regulamento (UE) 2016/679 (Regulamento Xeral de Protección de Datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e deberes en materia de información e documentación clínica e os criterios respecto diso previstos pola lexislación autonómica; a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia; a Lei 3/2001, do 28 de marzo, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, modificada pola Lei 3/2005, do 7 de marzo; o Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica, modificado polo Decreto 164/2013, do 24 de outubro, e polo Decreto 168/2014, do 18 de decembro; así como polo resto da normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, as partes asinantes manifestan o seu consentimento e autorización para que os datos persoais que consten no convenio, e o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, de conformidade co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Décima.- Duración.

O presente convenio terá unha vixencia de seis meses, contado a partir da data da súa sinatura. Ao finalizar o prazo inicial a súa vixencia poderá ser prorrogada, tendo en conta os límites temporais previstos no artigo 49. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, por períodos anuais.

Undécima.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) A expiración do prazo previsto para a súa vixencia ou, no seu caso, calquera das súas prórrogas.
- b) Cando o seu obxecto deixe de ser necesario para a finalidade acordada.
- c) Por mutuo acordo das partes.



- d) Por incumprimento, total ou parcial das súas cláusulas.
- e) Por imposibilidade xustificada de cumprir o seu obxecto.
- f) Pola desaparición das causas que o motivaron.

Duodécima.- Financiamento.

As actuacións previstas no presente documento non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e por tanto, non precisan consignación orzamentaria específica.

Décimo terceira.- Comisión de seguimento.

Para facilitar o seguimento e cumprimento das actividades para desenvolver, constituirase unha Comisión Mixta integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes.

Dita comisión será a encargada da coordinación, execución e seguimento do presente convenio.

Reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos una (1) vez cada seis meses.

A Comisión Mixta emitirá unha avaliación anual do seu cumprimento e do grao de desenvolvemento do mesmo. Unha vez finalizado o período de aplicación do presente acordo dita comisión realizará unha avaliación final, que fará pública perante os órganos reitores das institucións asinantes.

Corresponderá á Comisión Mixta, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Impulsar e debater as iniciativas e accións específicas que se propoñan levar a cabo en cumprimento do obxecto do presente convenio.
- b) Avaliar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente convenio, e as súas posibles modificacións.
- c) Tratar sobre a interpretación, modificación ou resolución das dúbidas e discrepancias que poidan exporse.

Décimo cuarta. Natureza xurídica.

O presente convenio ten natureza administrativa, resultando de aplicación o previsto nas súas cláusulas e o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á



xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación do mesmo.

E en proba de conformidade co exposto, asíñase electronicamente o presente convenio na data que figura á marxe.

Pola Vicepresidencia e Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza.

Polo Servizo Galego de Saúde

Alfonso Rueda Valenzuela

Jesús Vázquez Almuiña

Pola FEGAMP

Alberto Varela Paz



ANEXO I
CONVENIO DE ADHESIÓN

D./Dona (nome do alcalde/alcaldesa), en representación da (Entidade Local),

DECLARA:

Que o (órgano competente) de (Entidade Local) acordou, con data ____ de ____ de 2020 , solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a posta en marcha do programa para o control da COVID-19 nos efectivos da Policía local dos concellos galegos e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de (Entidade Local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeción plena a todas elas.

(Lugar, data e firma)

